

# CONCRECIÓN CURRICULAR

## CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN.

Segundo o “**Real Decreto 984/2021**, de 16 de novembro, por el que se regulan la evaluación y la promoción en la Educación Primaria, así como la evaluación, la promoción y la titulación en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato y la Formación Profesional” (BOE 17/11/2021) e a “**Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia” (DOG 11/02/2022) cómpre a modificación dos criterios de promoción e titulación para o curso escolar 2021/2022 e seguintes.

Reunido claustro do CPI plurilingüe Virxe do Monte, o 24 de marzo de 2022, acorda establecer as seguintes concrecións curriculares no referido ós criterios de promoción e titulación de Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

---

## **EDUCACION SECUNDARIA OBRIGATORIA:**

---

### **Educación Secundaria Obrigatoria - Promoción.**

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa **promoción**. **A decisión será adoptada de xeito colexiado**, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña **avaliación negativa nunha ou dúas materias**, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o **equipo docente poderá decidir a promoción** dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén **todas** as condicións seguintes:



- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
  - b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
  - c) Que o e quipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
  - d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.
  - e) O equipo docente, sen menoscabo das súas competencias, entenderá que se cumpran as liñas b), c) e d) sempre e cando non exista o abandono dalgunha materia (ver anexo II), o comportamento do alumnado sexa o adecuado e amose interese e esforzo.
  - f) Teranse en conta outras situacións particulares como enfermidade grave, hospitalización ou unha problemática familiar considerable, debidamente xustificadas e documentadas, que afectaran ao seu rendemento académico, para poder determinar se estas lle impedirán seguir con éxito o curso seguinte.
  - g) No caso de que as materias estean agrupadas en ámbitos, aos efectos de promoción terase en conta por cantas materias está formado cada un deles.
3. As decisións adoptadas polo equipo docente referidas á promoción do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo, serán adoptadas mediante consenso. De **non existir unanimidade** no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros, estando todo o profesorado obrigado a votar.

### Educación Secundaria Obrigatoria - **Titulación.**

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de **avaliación final**, **decidirá sobre a súa titulación**. A decisión será adoptada de **xeito colexiado**, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os



criterios de titulación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, **obterá o título** de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que **supere todas as materias** ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, **o equipo docente poderá decidir a obtención do título** por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén **todas** as condicións seguintes:

a. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.

c. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

d. O equipo docente, **sen menoscabo das súas competencias**, entenderá que se cumpran as aliñas b) e c) sempre e cando non exista o abandono dalgunha materia (ver anexo II), o comportamento do alumnado sexa o adecuado e amose interese e esforzo.

e. Teranse en conta outras situacións particulares como enfermidade grave, hospitalización ou unha problemática familiar considerable, debidamente xustificadas e documentadas, que afectaran ao seu rendemento académico.

f. No caso de que as materias estean agrupadas en ámbitos, aos efectos de promoción terase en conta por cantas materias está formado cada un deles.

3. As decisións adoptadas polo equipo docente referidas á titulación do alumnado, serán adoptadas mediante consenso. De **non existir unanimidade** no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros, estando todo o profesorado obrigado a votar.



## Educación Secundaria Obrigatoria – Matrícula de honra

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.
3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos. En consecuencia, establécese:
  - a. Estes criterios serán estritamente obxectivos e numéricos polo que concederanse as mencións aos alumnos/as cunha maior nota media no 4º curso de ESO.
  - b. En caso de empate despois de aplicar o primeiro criterio, desfarase o mesmo tendo en conta o número de sobresalientes, notables, bens , e/ou suficientes, obtidos en cuarto de ESO
  - c. De persistir o empate, desfarase o mesmo recorrendo á nota media de toda a etapa.



## ANEXO

### ABANDONO DA MATERIA

Se considerará que o alumno/a incorreu en abandono de materia, cando se cumpran, algúns dos indicadores seguintes na traxectoria do alumno/a ao longo do curso:

- alumno/a obtén unha cualificación nos exames da materia nun intervalo que se atopa entre o 1 -2 ( ORIENTATIVO,ESPECIFICAR EN CADA PROGRAMACIÓN).
- O alumno/a amosa unha actitude negativa cara á materia ao non traer de maneira reiterada o material da asignatura. (\*)
- Non realiza de maneira reiterada e prolongada no tempo o traballo que lle permitiría desenvolver as capacidades correspondentes, ao non facer as tarefas asignadas (tanto na aula como nas tarefas encargadas para casa), ou por non presentar os traballos propostos. (\*)
- Non demostra interese polas probas escritas: non se presenta aos exames/recuperacións, entregaos en branco ou faltos de contido.

(\*) Para ter constancia por escrito do item riscado, consignarase un rexistro anecdótico onde se anotarán cada un dos días en que ocorreu o feito.

### PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

O protocolo establecido para facer chegar a información de “abandono” sería o seguinte:

1. O profesor de cada materia informará a principio de curso dos criterios de abandono de materia (exames en branco, falta de material, non participación en clase, tarefas ou traballos non presentados, faltas de asistencia, etc) indicándolles que constitúen formalmente un “abandono de materia” xunto coas consecuencias que se derivan desta situación.

2.Cando teña lugar ao longo de calquera avaliación algún dos indicadores sinalados anteriormente, o titor/a comunicará o “abandono” á familia e dará traslado da comunicación realizada á xefatura de estudos para a súa constancia documental. Así mesmo, na avaliación o titor/a informará ao resto do profesorado, ao equipo directivo e Departamento d e Orientación da situación producida , solicitará que se reflicta en acta e no boletín de cualificacións.